


Esconder a perla, mostrar un ombreiro



Mar Ramón Soriano

Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo.

Do 27 de maio ao 10 de agosto.

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.



DESCARGA
FOLLETO GALEGO



DESCARGA
FOLLETO CASTELLANO

VG 308-2025

Esconder a perla, mostrar un ombreiro


Mar Ramón Soriano



Fotografía cortesía
de Galería Nordés

Do 27 de maio
ao 10 de agosto de 2025


Casa Galega da Cultura



Esconder a perla, mostrar un ombreiro

Mar Ramón Soriano

.....



A exposición “*Esconder a perla, mostrar un ombreiro*” reúne obras anteriores e novas creacións específicas para este proxecto, explorando a relación entre o visible e o oculto, o superfluo e o indispensable. Reflexiónase sobre elementos ornamentais e utilitarios, desde formas mínimas como círculos e liñas ata a cerámica popular de Galicia, onde as pezas teñen significados culturais e patrimoniais. Utilizando materiais como papeis vexetais, téxtiles transparentes, cerámica e bixería, créanse obras que xogan coa transparencia e a opacidade, explorando a percepción e o entendemento.

A exposición tamén aborda o tempo na contemporaneidade, cuestionando como a eficiencia tecnolóxica impresiona a nosa forma de habitar e percorrer as nosas cotidianidades. A través destes temas, técese unha narrativa conceptual sobre o corpo e o territorio, destacando pequenos detalles que xeran unha visión única e persoal da contorna. A mostra convida a considerar como nosas interaccións co espazo e as persoas alteran e enriquecen a nosa identidade e experiencia.

Cousas que desaparecen e aparecen, as cousas que sobran sempre foron obxecto do meu interese. O espazo que queda baleiro entre varios elementos, o retallo ou o material sobrante que en ocasións dá lugar ás obras máis interesantes. Aquilo que queda de excedente e xa non usamos, o tempo que temos libre e que nos falta. Ou tamén aquilo transparente e inútil, tímido, imperceptible ou incorpóreo do que tampouco nos podemos desfacer. Esconder a perla, mostrar un ombreiro.

O título da mostra explora a transparencia e o ornamento como oxímoro. O ornamento escondido desprega unha serie de poéticas que me interesan sobre o xesto tímido ou o agocho. Esconder algo que é creado e adquirido para lucir. Mostrar o ombreiro, en cambio, aparece como atrevemento, pero tamén como volume corporal romo e como beleza democratizada. Mostrar o ombreiro é accesible e cotián. É, en principio, gratis.